

GUÍA DIDÁCTICA EBI 1

CURSO 2025-2026

1.- ÁMBITO DE COMUNICACIÓN

- 1.1 Temporalización dos contidos.**
- 1.2 Criterios de avaliación.**
- 1.3 Mínimos a acadar.**

2.- LINGUA ESTRANXEIRA- INGLÉS

- 2.1 Temporalización dos contidos.**
- 2.2 Criterios de avaliación.**
- 2.3 Mínimos a acadar.**

3.- ÁMBITO DA COMPETENCIA MATEMÁTICA

- 3.1 Temporalización dos contidos.**
- 3.2 Criterios de avaliación.**
- 3.3 Mínimos a acadar..**

4.- ÁMBITO DE CIENCIA, SOCIEDADE E TECNOLOXÍA

- 4.1 Temporalización dos contidos.**
- 4.2 Criterios de avaliación.**
- 4.3 Mínimos a acadar.**

5.- AVALIACIÓN

6.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

7.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

8.- PROMOCIÓN DO ALUMNADO

9.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

10. PÁXINA WEB E AULA VIRTUAL

1.- ÁMBITO DA COMUNICACIÓN

1.1.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE. CONTIDOS
Situacións comunicativas .Comprensión de mensaxes verbais e non verbais.
Expresión de mensaxes verbais e non verbais
O abecedario e a orde alfabética. Consulta do dicionario .
Estratexias de comunicación oral.
Normas ortográficas básicas, as normas xerais de acentuación e os signos de puntuación.
Elementos básicos da comunicación.
Estratexias e normas sociolingüísticas para o intercambio comunicativo.
A biblioteca: busca de información e lecer.
2º TRIMESTRE. CONTIDOS
Audición e reprodución de textos de diversa tipoloxía textual.
Comentario oral e xuízo persoal respectuoso
Composición de diferentes tipos de textos para expresar os propios coñecementos, vivencias e necesidades.
A presentación de documentos escritos: caligrafía, orde e limpeza.
Lectura e reprodución de textos básicos.
Estratexias para a comprensión escrita de textos breves e sinxelos en voz alta e en silencio.
Relacións semánticas. Palabras sinónimas, antónimas e polisémicas. Campo semántico.
Oración: concordancia suxeito e predicado.
Achegamento á literatura. Textos literarios e non literarios.
3º TRIMESTRE. CONTIDOS
Identificación do sentido global do texto e das ideas principais e secundarias.
Valoración crítica das mensaxes e valores transmitidos por un texto sinxelo.
Lectura dramatizada e comentada de textos literarios significativos.
Comprensión, memorización e recitación de textos literarios.

1.2.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. As linguas e os seus falantes

CA1.1. Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián.

CA1.2. Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, achegando alternativas e recoñecendo a pluralidade lingüística da súa contorna como unha fonte de riqueza cultural.

CA1.3. Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna e valorar a diversidade cultural existente a través da interacción coas persoas próximas.

CA1.4. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada e a experiencia persoal do alumnado adulto sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.

CA1.5. Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.

Bloque 2. Comunicación oral

CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.

CA2.2. Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiáns.

CA2.3. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar.

CA2.4. Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.

- CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.

- CA2.6. Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.

- CA2.7. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.

- CA2.8. Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.

Bloque 3. Comunicación escrita

CA3.1. Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira autónoma, a información explícita.

- CA3.2. Comprender distintos tipos de textos ampliando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.

- CA3.3. Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.

- CA3.4. Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.

- CA3.5. Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora, e o gusto pola lectura.

- CA3.6. Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.

- CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global do texto e acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.

- CA3.8. Coñecer o funcionamento das bibliotecas de aula, de centro, as virtuais e da contorna participando nas actividades organizadas e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia.

- CA3.9. Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos e rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.

Bloque 4. Alfabetización mediática e informacional

CA4.1. Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.

- CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.

- CA4.3. Utilizar a biblioteca de aula, do centro ou da contorna para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.

- CA4.4. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información.

- CA4.5. Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus gustos e intereses avanzados para o afianzamento da súa identidade lectora, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada fomentando o gusto pola lectura e o avance na construción da súa identidade lectora.

- CA4.6. Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.

Bloque 5. Educación literaria

CA5.1. Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e cotián valorando a literatura en xeral como vehículo de comunicación de fonte e lecer e información.

- CA5.2. Identificar a biblioteca da aula, do centro ou da contorna como escenario de actividades literarias compartidas.

- CA5.3. Incorporar a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica de aula.

- CA5.4. escoitar e ler textos variados da literatura universal, que recollan a diversidade de autoras e autores, recoñecendo elementos esenciais dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.

- CA5.5. Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.

- CA5.6. Recoñecer as diferenzas das principais convencións formais dos xéneros.

Bloque 6. Reflexión sobre a lingua.

CA6.1. Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.

- CA6.2. Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.

- CA6.3. Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso guiado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.

- CA6.4. Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.

- CA6.5. Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.

- CA6.6. Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.

1.3.- MÍNIMOS A ACADAR

Comunicación oral (galega e castelá)

- Comprende de maneira básica o código lingüístico.
- Utiliza os recursos lingüísticos e non lingüísticos adecuados á intención comunicativa.
- Comprende e expresa textos orais e escritos segundo a súa tipoloxía: narrativos, descritivos, expositivos, argumentativos, instrutivos, informativos e persuasivos.
- Comprende a información esencial en mensaxes orais e escritas de contido diverso e uso habitual e extrae as ideas principais e secundarias e o sentido global do texto.
- Emprega a lingua oral e escrita con distintas finalidades e como forma de comunicación e de expresión persoal en distintos ámbitos de uso.
- Transmite as ideas con claridade, orde, coherencia e corrección.
- Utiliza a lingua oral para expoñer de xeito ordenado e coherente o contido verbal que se quere transmitir segundo o tipo de interlocutor.
- Aplica as normas sociolingüísticas para o intercambio: escoita activamente, espera a quenda de palabra, participa con respecto e utiliza normas de cortesía.
- Le información sobre feitos sociais procedente de diferentes medios.
- Utiliza a linguaxe para interactuar de modo positivo e resolver conflitos.
- Realiza interpretacións persoais dos contidos dos medios de comunicación impresos, audiovisuais e dixitais
- Expressa oralmente os seus propios xuízos sobre os contidos das mensaxes recibidas, sobre temas cotiás ou outros asuntos do seu interese, respectando os sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos demais.
- Interpreta, valora a información e a explica coa súa bagaxe lingüística.
- Verbaliza valoracións de si mesmo e do seu proceso de realización persoal con

intencións de mellora e actitude de superación.

- Explica oralmente procedementos para resolver diferentes tipos de problemas con iniciativa persoal.
- Posúe habilidade lingüística para realizar negociacións efectivas, para traballar en equipo e para exercer o liderado con sentido da responsabilidade.

Comunicación escrita

- Elabora e presenta documentos escritos con limpeza, claridade, precisión e orde.
- Aplica as normas ortográficas, gramaticais, semánticas, discursivas e comunicativas adquiridas para lograr unha comunicación eficaz.
- Recoñece unha linguaxe específica básica (icónica, visual e gráfica) para poder utilizar con eficacia as novas tecnoloxías.
- Usa eficazmente as novas tecnoloxías mediante o emprego dunha linguaxe textual básica.
- Utiliza diversas aplicacións e recursos informáticos para obter información.
- Utiliza programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.

Coñecemento da lingua (galega e castelá)

- Ordena pensamentos e ideas e elabora sinxelos esquemas e mapas mentais.
- Manexa de forma efectiva o dicionario para ampliar o seu vocabulario e expresarse con precisión e corrección.
- Utiliza a escritura para describir e explicar a súa representación do mundo.
- Emprega a linguaxe como fonte de información na práctica das estratexias de aprendizaxe, estudo e traballo.
- Recorre á lectura para obter información, para aprender a propia lingua e por pracer.
- Identifica e valora os coñecementos acadados e os que necesita adquirir para desenvolver competencias para a aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Educación literaria (galega e castelá)

- Goza coas artes escénicas e realiza apreciacións persoais compartíndoas con outros.
- Recoñece o valor da linguaxe musical e identifica os sentimentos que xera.
- Utiliza textos literarios sinxelos para gozar e enriquecerse culturalmente.
- Comprende e valora con actitude aberta e respectuosa e con espírito crítico as diferentes manifestacións culturais e artísticas.
- Manifesta unha actitude crítica e de rexeitamento ante calquera manifestación artística que leve discriminación social, cultural, étnica ou de xénero.

2.- LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS

2.1.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE. CONTIDOS
Presentacións e saúdos (Hello! What is your name? My name is... Nice to meet you! How are you?...)
As cores. Os números ata 20
Vocabulario: días da semana, meses
Vocabulario : os animais
O grupo nominal: artigos e demostrativos, posición do adxectivo e adxectivos usuais
Vocabulario: os alimentos
I like/ I don't like
2º TRIMESTRE. CONTIDOS
Presentacións e saúdos
Conxugación do presente afirmativo do verbo TO BE
Vocabulario: a familia, a casa
This is the / a. Posesivos
As accións, verbos máis comúns
Uso do presente do verbo CAN
Os traballos
He is (a) / She is (a)
3º TRIMESTRE. CONTIDOS
Vocabulario: a roupa, os números ata 100
How much is it / the ? It is ...
Vocabulario: días da semana, meses. As horas
O abecedario inglés

2.2.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Dispoñer de habilidades lingüísticas básicas que permitan orientarse nun contexto angloparlante e participar en situacións comunicativas simples.

Valorar o inglés como principal lingua compartida no mundo, utilizando as destrezas básicas que permiten unha interacción respectuosa e elemental con colectivos non hispanofalantes.

Aproveitar os medios dixitais á súa disposición para resolver dúbidas e ampliar coñecementos sobre a lingua inglesa.

Adquirir o léxico elemental necesario para expresar conceptos descritivos simples (cores e adxectivos básicos (*big, small*) e de cantidade, espazo e tempo.

2.3.- MÍNIMOS A ACADAR.

Recoñece nomes, palabras e frases moi básicas.

- Capta o sentido de textos con apoio visual.
- Comprende mensaxes breves e sinxelas.
- Escribe frases e oracións moi sinxelas.
- Pregunta e resposta cuestións de información persoal.
- Emprega adecuadamente expresións da cortesía: saúdos, despedidas, agradecementos)
- Utiliza fórmulas de presentación básicas.
- Busca o significado de palabras descoñecidas.
- Usa a web e outras ferramentas para a resolución de dúbidas sobre léxico e gramática.

- Identifica e emprega correctamente vocabulario relativo aos números ata o 10.
- Coñece vocabulario descritivo básico: cores, adxectivos.
- Expresa a hora en inglés.
- Identifica e comprende vocabulario relativo aos días da semana, meses, estación do ano.
- Manexa conceptos simples de cantidade.
- Comprende o significado dalgúns anglicismos de uso frecuente, principalmente os relacionados coa tecnoloxía.

3.- ÁMBITO DA COMPETENCIA MATEMÁTICA

3.1.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE. CONTIDOS
Nome e grafía dos números.
Números naturais.
Números ordinais.
Operacións con números naturais.
Numeración romana.
Resolución de problemas da vida cotiá
Sistema de numeración decimal.
2º TRIMESTRE. CONTIDOS
Sistema monetario.
Medidas de lonxitude, capacidade e masa.
Comparación equivalencias e transformacións de medidas dunha mesma magnitude.
Resolución de problemas de medida.
Repaso dos dous bloques
3º TRIMESTRE. CONTIDOS
Situación no espazo.
Representación no plano.
Conceptos básicos de xeometría
Formas planas, polígonos e círculos.
Repaso dos tres bloques
Probas escritas

3.2.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Sentido numérico

- CA1.1. Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.
- CA1.2. Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.

- CA1.3. Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.
- CA1.4. Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.
- CA1.5. Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.
- CA1.6. Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada
- CA1.7. Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.
- CA1.8. Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá nos ámbitos familiar, académico e laboral.
- CA1.9. Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.

Sentido da medida

- CA2.1. Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.
- CA2.2. Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.
- CA2.3. Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.
- CA2.4. Demostrar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.
- CA2.5. Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.
- CA2.6. Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.
- CA2.7. Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.
- CA2.8. Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.

Sentido espacial

CA3.1. Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.

- CA3.2. Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.
- CA3.3. Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.
- CA3.4. Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional.
- CA3.5. Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.
- CA3.6. Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.
- CA3.7. Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo un vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.
- CA3.8. Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.

Sentido alxébrico e pensamento computacional

CA4.1. Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e traballando a autoconfianza.

- CA4.2. Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.
- CA4.3. Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.
- CA4.4. Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.
- CA4.5. Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.
- CA4.6. Automatizar situacións da vida cotiá no ámbito persoal e laboral que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional.
- CA4.7. Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.
- CA4.8. Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos, aplicando coñecementos e experiencias propios.

- CA4.9. Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.

Sentido estocástico

- CA5.1. Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.
- CA5.2. Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.
- CA5.3. Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.
- CA5.4. Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.
- CA5.5. Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiáns e de experiencias persoais que se resolven matematicamente.
- CA5.6. Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.
- CA5.7. Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.
- CA5.8. Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.

Sentido socioemocional

- CA6.1. Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario, traballando a autoconfianza.
- CA6.2. Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.
- CA6.3. Traballar en equipo activa e respectuosamente, comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.
- CA6.4. Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.

- CA6.5. Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.
- CA6.6. Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos, aplicando coñecementos e experiencias propios.
- CA6.7. Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.
- CA6.8. Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.

3.3.- MÍNIMOS A ACADAR.

Números e operacións.

- Entende e utiliza a grafía dos números arábigos e romanos en diferentes contextos de comunicación.
- Interpreta e emprega expresións matemáticas utilizando diferentes sistemas de representación.
- Relaciona a linguaxe matemática coa linguaxe da vida cotiá.
- Realiza procesos de razoamento matemático ordenados e sistemáticos.
- Analiza, e expresa datos matematicamente.
- Relaciona os coñecementos matemáticos con información sobre situación reais.
- Utilizar a dedución para comprender problemas matemáticos.
- Resolve problemas dun xeito reflexivo, ordenado, sistemático e veraz.
- Utiliza estratexias básicas de cálculo mental e realizar cálculos numéricos coas operación de suma, resta, multiplicación e división.
- Comprende o sistema de numeración decimal.
- Comprende o enunciado dos problemas.
- Analiza, representa e relaciona a información do problema.
- Selecciona estratexias e procedementos adecuados para a resolución de problemas.

A medida, estimación e cálculo de magnitudes.

- Empregar unidades de medidas convencionais.
- Selecciona os instrumentos e unidades de medida adecuados para realizar medicións de lonxitude, masa, capacidade e tempo en situación reais.
- Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.

Xeometría.

- Representa obxectos, espazos e percorridos.

- Interpreta e elabora informacións referidas a situacións e movementos; por exemplo seguir un recorrido dado e indicar una dirección.
- Interpreta representacións gráficas de datos relativos ao contorno inmediato.
- Recoñece e representa as figuras planas máis frecuentes e os seus elementos básicos.
- Elabora representacións de polígonos.

4.- ÁMBITO DE CIENCIA, SOCIEDADE E TECNOLOXÍA

4.1.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE. CONTIDOS
O Universo: Sistema solar, estrelas, planetas, satélites.
A Terra: características.
Movementos da Terra e consecuencias. A lúa. As fases lunares.
Os ecosistemas.
O ciclo da auga.
Clasificación dos seres vivos.
2º TRIMESTRE. CONTIDOS
A xeografía de Galicia. Tipos de mapas.
Tempo histórico. Liña cronolóxica.
Sectores económicos.
Organización social do ser humano. Poboación.
Gandería, piscicultura e animais de compañía.
Agricultura e xardinería.
3º TRIMESTRE. CONTIDOS
Etapas históricas. Fitos históricos da humanidade.
Formas de goberno.
A Comunidade Autónoma de Galicia. Símbolos de Galicia.
Repaso xeral.
Probas escritas.

4.2.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Cultura científica

- CA1.1. Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.
- CA1.2. Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, de forma autónoma ou guiada cando sexa necesario, adquirindo léxico científico básico, e utilízala en investigacións relacionadas co medio natural.
- CA1.3. Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura; realizar observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.

- CA1.4. Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos (oral, escrito, gráfico), comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.

A vida no noso planeta

- CA2.1. Recoñecer e identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.
- CA2.2. Identificar conexións entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.
- CA2.3. Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu desfrute e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.
- CA2.4. Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.
- CA2.5. Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades.
- CA2.6. Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, xestionando as emocións propias e respectando as dos demais, mostrando empatía e establecendo relacións afectivas saudables.

Materia, forzas, enerxía

- CA3.1. Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.
- CA3.2. Coñecer diferentes formas e fontes de enerxía, identificando os seus usos na vida cotiá.
- CA3.3. Recoñecer, a través de pequenas investigacións, diferentes formas de produción da calor e os seus efectos sobre os corpos.
- CA3.4. Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.
- CA3.5. Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.

O mundo e o desenvolvemento sustentable

- CA4.1. Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.
- CA4.2. Identificar conexións entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, comprendendo as relacións que se establecen.
- CA4.3. Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna, e de uso sustentable dos recursos naturais, expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.

Vivir en sociedade

- CA5.1. Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.
- CA5.2. Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas, recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.
- CA5.3. Coñecer os principais órganos de goberno e as funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.
- CA5.4. Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable, tanto para as persoas como para o planeta.

Leccións do pasado

- CA6.1. Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu desfrute e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.
- CA6.2. Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.
- CA6.3. Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.

Ciencia, tecnoloxía e dixitalización

- CA7.1. Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto do alumnado adulto, de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.
- CA7.2. Realizar predicións razoadas, buscar e seleccionar información de fontes seguras e fiables e adquirir un léxico científico básico en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural próximo.
- CA7.3. Realizar no contexto próximo experimentos guiados, de xeito colaborativo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.
- CA7.4. Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.
- CA7.5. Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos e explicando os pasos seguidos.

Intelixencia emocional e iniciativa persoal

- CA1.1. Utilizar a linguaxe para expresar as reflexións persoais e describirse dun modo axustado, autorregularse e relacionarse dun xeito positivo cos demais, resolvendo os problemas e os conflitos dun xeito pacífico; e expresar procedementos, deseñar e desenvolver proxectos axeitados aos intereses, necesidades e valores persoais de acordo co contexto.
- CA.1.2. Usar ferramentas dixitais que permitan consultar documentación oficial, acceder a prestacións sociais, buscar emprego ou anunciar a propia

actividade profesional e facer un uso proveitoso da oferta de formación continua dispoñible para persoas adultas.

4.3.- MÍNIMOS A ACADAR.

Saúde

- Recoñece as condutas que poñen en perigo a saúde e a calidade de vida das persoas e os grupos sociais explicando por qué son prexudiciais e cales son os seus efectos.
- Valora positivamente e coida todos os elementos naturais do seu contorno.

Ecosistemas e seres vivos

- Coñece, describe e investiga acerca de diferentes ecosistemas.
- Relaciona os tipos de agricultura, gandería e piscicultura de Galicia e das diferentes rexións de España atendendo ás características de cada unha delas.
- Respecta e coida os ecosistemas e interacciona de maneira responsable co contorno.
- Clasifica e recicla adecuadamente os diferentes tipos de refugallo.
- Identifica produtos susceptibles de ser reciclados.
- Coñece e explica as consecuencias da sobreexplotación dos recursos naturais.
- Comprende e é quen de explicar os beneficios da reciclaxe e a importancia dun desenvolvemento sostible.

O Universo

- Coñece, representa e explica a organización do sistema solar.
- Interpreta adecuadamente distintas representacións do sistema solar.
- Comprende e expresa a importancia dos corpos celestes do universo, os seus movementos relativos e os seus efectos.

Xeografía física, humana, política e económica

- Expresa verbalmente os seus coñecementos sobre xeografía física e humana, política, economía e sociedade (especialmente de Galicia)
- Interpreta mapas a nivel básico.
- Manexa o globo terráqueo e sitúa distintos lugares.
- Elabora e interpreta gráficos e táboas sinxelas que ofrecen información sobre a xeografía física, humana, política e económica.
- Ordena feitos históricos, aspectos xeográficos e datos sociais, políticos e económicos.
- Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos en base aos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos e actúa en consecuencia.
- Interactúa de acordo coas normas socialmente establecidas e propón estratexias para resolver conflitos de forma construtiva.
- Coñece as diferentes características dos asentamentos humanos e as organizacións sociais básicas.
- Participa adecuada e activamente en diferentes organizacións sociais: familia, concello, comunidade, país, etc.

- Valora a importancia de coidar o medio ambiente e deduce as consecuencias de non facelo.
- Exerce un consumo responsable valorando os beneficios que aporta á sociedade.

5.- AVALIACIÓN NO NIVEL EBI 1

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave.

No nivel 1 realizarase unha proba final orientada a valorar o grao de consecución dos obxectivos xerais relacionados co desenvolvemento das competencias deste nivel. Debe servir de orientación á persoa adulta que seguisse o proceso formativo deste nivel ou que acceda por primeira vez ao centro á hora de establecer a posibilidade de acceder ao nivel 2 das ensinanzas de persoas adultas

Os grupos de EBI 1 non terán avaliacións trimestrais durante o curso, só desenvolverán unha proba final en xuño. Durante o curso faranse probas escritas e/ou orais para controlar o seguimento dos alumnos como parte do proceso da avaliación continua, pero non haberá notas trimestrais neste nivel 1.

A avaliación será continua tendo en conta os criterios de avaliación e cualificación establecidos na programación en cada un dos ámbitos polo equipo docente. Os resultados da avaliación saíran das sesións de avaliación que realice o equipo docente. Os resultados da avaliación expresaranse nos termos S (supera) e NS (non supera). Para superar o ámbito de Comunicación hai que superar e acadar as competencias das materias de Lingua Castelá, Lingua Galega e Lingua Estranxeira-Inglés.

A promoción do alumnado ao nivel 2 será decidida polo profesorado titor e o equipo docente na sesión final de avaliación do mes de xuño, excepcionalmente poderase promover ao alumnado ao nivel 2 ao longo do curso. Non hai convocatoria extraordinaria no ensino básico inicial.

6.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Control e observación da asistencia, participación e aproveitamento.
- Realización e entrega en prazo de traballos individuais e/ou en grupo.
- Valoración do traballo e esforzo persoal.
- Probas parciais orais e escritas.
- Exames finais.

7.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- a) Probas escritas: 65%
- b) Tarefas realizadas en clase, orais e escritas e, participación en actividades comunicativas de produción oral e comprensión: 25%
- c) Asistencia: 10 %

Segundo acordo da CCP do 5 de setembro de 2025, o feito de superar o 20% de faltas xustificadas ou o 30% de faltas totais conlevará a perda do dereito á avaliación continua.

8.- PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A promoción do alumnado será decisión do equipo docente na sesión final de avaliación. Para promocionar ao nivel 2 o alumnado deberá amosar que acadou os obxectivos e o nivel competencial requirido.

Para a promoción teranse en conta os seguintes aspectos:

- Asistencia con regularidade e participación nas clases.
- Implicación e esforzo persoal.
- Resultados da avaliación continua.
- Resultados das probas finais.

Excepcionalmente poderase promocionar ao alumnado ao nivel 2 antes da avaliación final ao longo do curso cando o profesorado tutor e o equipo docente o consideren. Logo da avaliación inicial do alumnado de nova incorporación, se o profesorado considera que a evolución do alumnado e o seu nivel competencial corresponden ao nivel 2, neste caso o profesorado tutor fará a proposta de promoción por escrito, co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, á dirección do centro.

9.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Non se utilizan libros de texto para o desenvolvemento das clases. O profesorado aportará ao alumnado materiais de elaboración propia e outros recursos que se porán a disposición a través da Aula Virtual e tamén material impreso.

Para o desenvolvemento das unidades nos distintos ámbitos contaremos con distintos materiais:

- Unidades didácticas da páxina web da Consellería de Educación, MEC,...
- Libros de lectura.
- Recursos educativos (Internet).
- Recursos elaborados polo profesorado.
- Computador e PDI.
- Aul virtual.
- Recursos da biblioteca.
- Biblioteca da aula.
- Recursos en rede.
- Prensa *on-line* e escrita.

10.- PÁXINA WEB E AULA VIRTUAL

<http://www.edu.xunta.gal/centros/epaeduardopondal/>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/epaeduardopondal/aulavirtual/>

A Coruña, 15 de setembro de 2025

O equipo docente